

EXPEDIENTE: 2022/E001/000013 (relacionado co expediente 2022/A008/000018)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL DUN/DUNHA ENXEÑEIRO/A DE MONTES AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2022)

TRÁMITE: ACTA TRIBUNAL

En Dodro, sendo ás 09:00 horas do día 22/11/2022, reúnese na Casa do Concello de Dodro o Tribunal Cualificador encargado do proceso selectivo para a contratación mediante oposición de 1 enxeñeiro/a forestal. As bases foron aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 537/2022 do 19/10/2022, modificadas pola Resolución da Alcaldía núm. 565/2022 do 07/11/2022, ao abeiro da subvención regulada na Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (DOG núm. 21, do 1 de febreiro de 2022)

Efectuada a oferta a través da oficina de Emprego Santiago Norte núm. 12-2022-11850 (enxeñeiros/as de montes), foi remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia a relación de candidatos/as para a selección.

Están presentes os seguintes membros do Tribunal Cualificador:

Presidente: Titular: Rosario Ríos Rey, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Rois

Vogal: Inmaculada Seage Freire, normalizadora lingüística do Concello de Rois

Secretaria: Titular: María del Carmen Rodríguez Rey, directora de formación e emprego do Concello de Padrón.

O Tribunal Cualificador procede a elaborar o exame tipo test da oposición, o cal está formado por 20 preguntas tipo test con 3 alternativas de resposta, das que só unha é correcta, e 2 preguntas de reserva, aínda que as bases non o recollen. (Acompañase cadro de respostas).

Sendo ás 09:15 horas o Tribunal Cualificador procede, no Salón de Plenos do Concello de Dodro, ao chamamento por orde alfabética das persoas aspirantes admitidas ao proceso de selección:

DNI	APELIDOS E NOME
690	Ruso Somoza, Patricia

Repártense as copias dos exames e danse as instrucións para a súa realización.

A proba comeza ás 09:20 horas e transcorre sen ningunha incidencia.

Rematada a proba, comeza a corrección do exercicio, empezando co cotexo co cadro de respostas. Finalizada a corrección dos exames procédese á apertura dos sobres que conteñen a identificación das persoas aspirantes. O resultado é o seguinte:

DNI	APELIDOS E NOME	NOTA OPOSICIÓN
690	Ruso Somoza, Patricia	8

Á vista de todo o anteriormente exposto, o Tribunal Cualificador, sendo as 09:50 por unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)

Tfno: 981 802 062

info@dodro.gal

www.dodro.gal

Primeiro.- De conformidade co disposto nas bases aprobadas para exercer o presente procedemento de selección, PROPOÑER AO ÓRGANO COMPETENTE a contratación como enxeñeiro/a de montes a **Ruso Somoza, Patricia**

Segundo.- Que se publique no taboleiro de anuncios da sede electrónica esta acta e se conceda un prazo de 1 día hábil para presentación de alegacións.

Sendo ás 09:40 horas dáse por rematado o acto, estendéndose esta acta que asinan dixitalmente todos os membros do Tribunal, do que dou fe.

Documento asinado electronicamente

A presidenta: Rosario Rios Rey

A vogal: Inmaculada Seage Freire

A secretaria: María del Carmen Rodríguez Rey